

ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2021/2022

IES DO CAMIÑO
DEPARTAMENTO DE MATEMÁTICAS
DATA: 31 DE MARZO DE 2022

Adaptación ao establecido na Orde de 25 de Xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galiza (DOG 11/02/2022)

Na Orde de 25 de Xaneiro de 2022 pola que se actualiza a normativa de avaliación nas ensinanzas de educación primaria, de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato no sistema educativo de Galiza publicada no DOG do 11 de Febreiro de 2022 (en adiante, a “Orde”), actualizouse a normativa relativa á avaliación nas ensinanzas de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato.

Así mesmo, no presente curso académico, incorporouse alumnado con materia pendente de cursos anteriores que entra dentro da competencia deste Departamento.

Todo o cal, fai necesaria a presente adaptación da Programación Didáctica do Departamento de Matemáticas.

Adaptacións referentes á ESO

Avaliación final

De acordo coa Orde, o curso organízase en tres avaliacións parciais e unha avaliación final.

No período abranguido entre a terceira avaliación e a avaliación final realizaranse actividades da tipoloxía fixada no artigo 7.8 da Orde (reforzo, ampliación...). Logo de realizada a terceira avaliación, a equipa docente realizará un breve informe para o alumnado con algunha avaliación sen superar que valerá como base para o deseño das correspondentes actividades de avaliación.

A nota final da materia na convocatoria ordinaria obtense aplicando a media ponderada das avaliacións: 20% a primeira, 30% a segunda e 50% a terceira. (Só en 1º, 2º ESO)

En 3º e 4º secundaria realizarase a media aritmética das tres avaliacións, sempre que en cada unha delas supere un 3 de cualificación e a media sexa superior ou igual a 5.

Logo diso, o redondeo será da seguinte forma: se os decimais superan as 50 centésimas redondearemos a nota ao seguinte número natural, en caso contrario, a cualificación será o natural inferior.

Proba final

Terá que presentarse á proba final aquel alumno con parte ou toda a materia suspensa, tendo en conta o seguinte:

- Se non acada o tres nalgunha das avaliacións deberá presentarse á proba final, aínda que a media aritmética das avaliacións fose maior ou igual a cinco.
- Se o alumno ten notas nas avaliacións maiores ou iguais a tres pero a súa media é inferior a cinco tamén deberá presentarse á proba final.
- Se o alumno ten unha única avaliación pendente só terá que recuperar esa parte da materia. Se ten dúas ou máis avaliacións deberá presentarse á proba completa.

A proba final consistirá nun exame escrito, que incluírá exercicios e problemas similares aos das probas anteriormente propostas e aos realizados a diario na aula.

Neste sentido, todo o alumnado coas tres avaliacións parciais aprobadas poderá presentarse á proba escrita final cos mesmos criterios que as probas escritas de avaliación e cos contidos das mesmas, e no que se aplicará o seguinte baremo:

- O alumnado que neste exame final obteña un resultado inferior a 6, mantén como nota da avaliación final o resultado da media dos tres trimestres superados.
- O alumnado que obteña un resultado entre 6 e 7, sumará un 0,25 á súa nota.
- O alumnado que obteña un resultado entre 7 e 8, sumará un 0,5 á súa nota.
- O alumnado que obteña un resultado entre 8 e 9, sumará un 0,75 á súa nota.
- O alumnado que obteña un resultado superior a 9, sumará 1 punto á súa nota.

Avaliación de materias pendentes de cursos anteriores

Dado que o alumnado con materias pendentes de cursos anteriores se incorporou moi tardiamente ao curso académico neste centro docente, farase o seguimento que permita esta limitación temporal. Este alumnado será avaliado con unha proba escrita final dos contidos dese curso pendente durante o mes de maio, na data establecida polo centro.

Adaptacións referentes a 1º de Bacharelato

De acordo coa Orde, o curso continúa organizándose en tres avaliacións parciais, unha avaliación final ordinaria e unha avaliación final extraordinaria, polo que continúa sendo aplicábel o disposto na Programación Didáctica.

Como novidade, establécese que o período abranguido desde a realización da avaliación final ordinaria até o remate do período lectivo, dedicarase á preparación e á realización das probas extraordinarias, e a actividades da tipoloxía fixada no artigo 13.6 da Orde; isto é: de apoio, reforzo, recuperación ou ampliación.

